

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/ 2020

CENTRO: CPI DOS DICES
CURSO: 3º ESO
MATERIA: EDUCACIÓN PLÁSTICA, VISUAL E AUDIOVISUAL
DEPARTAMENTO: DEBUXO
DATA: 12 DE MAIO 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1.1.- Estándares de aprendizaxe e competencias IMPRESCINDIBLES traballados dende o 15 setembro ata o 13 de marzo

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1- Expresión Plástica	
B1.1. Coñecer e aplicar os métodos creativos gráfico-plásticos aplicados a procesos de artes plásticas e deseño.	EPVAB1.1.1. Crea composicións aplicando procesos creativos sinxelos, mediante propostas por escrito, axustándose aos obxectivos finais.
B1.2. Crear composicións gráfico-plásticas persoais e colectivas.	EPVAB1.2.1. Reflexiona e avalía, oralmente e por escrito, o proceso creativo propio e alleo desde a idea inicial ata a execución definitiva.
B1.3. Debuxar con distintos niveis de iconicidade da imaxe.	EPVAB1.3.1. Comprende e emprega os niveis de iconicidade da imaxe gráfica, elaborando bosquejos, apuntamentos, e debuxos esquemáticos, analíticos e miméticos.
B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.	EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.
	EPVAB1.4.2. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.
	EPVAB1.4.3. Realiza composicións abstractas con diferentes técnicas gráficas para expresar sensacións por medio do uso da cor.
B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.	EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
	EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.
	EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.
	EPVAB1.5.7. Mantén o seu espazo de traballo e o seu material en orde e estado perfectos, e achégao á aula cando é necesario para a elaboración das actividades.
Bloque 2 – Comunicación Audiovisual	
B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.	EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.
	EPVAB2.6.2. Realiza fotografías con distintos encadramentos e puntos de vista, aplicando diferentes leis compositivas.
B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.	EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.
Bloque 3 – Debuxo Técnico	

<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Clasificar os polígonos en función dos seus lados, recoñecendo os regulares e os irregulares. 	EPVAB3.2.1. Clasifica correctamente calquera polígono de tres a cinco lados, diferenciando claramente se é regular ou irregular.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Estudar a construción de polígonos regulares coñecendo o lado. 	EPVAB3.3.1. Constrúe correctamente polígonos regulares de ata cinco lados, coñecendo o lado.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.4. Comprender as condicións dos centros e as rectas tanxentes en distintos casos de tanxencia e enlaces. 	EPVAB3.4.1. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias, utilizando adecuadamente as ferramentas.
	EPVAB3.4.2. Resolve correctamente os casos de tanxencia entre circunferencias e rectas, utilizando adecuadamente as ferramentas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Comprender a construción do óvalo e do ovoide básicos, aplicando as propiedades das tanxencias entre circunferencias. 	EPVAB3.5.1. Constrúe correctamente un óvalo regular, coñecendo o diámetro maior.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Aplicar as condicións das tanxencias e enlaces para construír espirais de dous, tres, catro e cinco centros. 	EPVAB3.7.1. Constrúe correctamente espirais de dous, tres, catro e cinco centros.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Estudar os conceptos de simetrías, xiros e translacións aplicándoos ao deseño de composicións con módulos. 	EPVAB3.8.1. Executa deseños aplicando repeticións, xiros e simetrías de módulos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Comprender o concepto de proxección e aplicalo ao debuxo das vistas de obxectos, con coñecemento da utilidade das anotacións, practicando sobre as tres vistas de obxectos sinxelos e partindo da análise das súas vistas principais. 	EPVAB3.9.1. Debuxa correctamente as vistas principais de volumes frecuentes, identificando as tres proxeccións dos seus vértices e as súas arestas.

1.2.- Estándares de aprendizaxe e competencias IMPRESCINDIBLES traballados dende o 13 de Marzo ata fin de curso.

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 1- Expresión Plástica	
B1.4. Identificar e diferenciar as propiedades da cor luz e a cor pigmento.	EPVAB1.4.1. Realiza modificacións da cor e as súas propiedades empregando técnicas propias da cor pigmento e da cor luz, aplicando as TIC, para expresar sensacións en composicións sinxelas.
B1.5. Coñecer e aplicar as posibilidades expresivas das técnicas gráfico-plásticas secas, húmidas e mixtas. Témpera e lapis de grafito e de cor; colaxe.	EPVAB1.5.1. Utiliza con propiedade as técnicas gráfico-plásticas coñecidas aplicándoas de forma axeitada ao obxectivo da actividade.
	EPVAB1.5.2. Utiliza o lapis de grafito e de cor, creando o claroscuro en composicións figurativas e abstractas mediante a aplicación do lapis de forma continua en superficies homoxéneas ou degradadas.
	EPVAB1.5.3. Experimenta coas témperas aplicando a técnica de diferentes formas (pinceis, esponxas, goteos, distintos graos de humidade, estampaxes, etc.), valorando as posibilidades expresivas

	segundo o grao de opacidade e a creación de texturas visuais cromáticas.
Bloque 2 – Comunicación Audiovisual	
B2.2. Recoñecer as leis visuais da Gestalt que posibilitan as ilusións ópticas e aplicar estas leis na elaboración de obras propias.	EPVAB2.2.2. Deseña ilusións ópticas baseándose nas leis da Gestalt.
B2.5. Describir, analizar e interpretar unha imaxe, distinguindo os seus aspectos denotativo e connotativo.	EPVAB2.5.1. Realiza a lectura obxectiva dunha imaxe identificando, clasificando e describindo os seus elementos.
B2.8. Identificar e recoñecer as linguaxes visuais apreciando os estilos e as tendencias, valorando, e respectando do patrimonio histórico e cultural, e gozando del.	EPVAB2.8.1. Identifica os recursos visuais presentes en mensaxes publicitarias visuais e audiovisuais.
B2.11. Comprender os fundamentos da linguaxe multimedia, valorar as achegas das tecnoloxías dixitais e ser capaz de elaborar documentos mediante este.	EPVAB2.11.1. Elabora documentos multimedia para presentar un tema ou proxecto, empregando os recursos dixitais de xeito axeitado.

2. Avaliación e cualificación durante a cuarentena

Avaliación	Procedementos: <ul style="list-style-type: none">Os traballos prácticos se valoran de 0 a 10. Valen un 80% da notaOs traballos do Bloc se valoran de 0 a 10. Valen un 20% da nota.Elimínanse os exames teóricos.Non se valora a participación nas videoconferencias e salas de chat, pois estas son opcionais e so se empregan para resolución de dúbidas. Solamente no caso de alumnado cunha nota moi xusta poderáse ter en consideración a súa participación e interese.Non se ten en conta as datas de entrega, é decir, non se penaliza por entregar fora de prazo: as datas que se establecen son para mellor organización do alumnado. Salvo a data final de entrega do 19 de Xuño.
	Instrumentos: <ul style="list-style-type: none">Imaxes dos traballos feitos enviadas á profesora por medios electrónicos ou calquera outro medio físico ou virtual.Documentos electrónicos feitos con diferentes software.Videoconferencias e salas de chat para resolución de dúbidas.
Cualificación final	Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso: Alumnado con avaliacións pendentes: <ul style="list-style-type: none">O alumnado que teña algunha avaliación suspensa traballará, durante a cuarentena, para recuperala/s. Realizará e entregará aqueles traballos que non entregou no seu momento, tendo en conta soamente aqueles nos que se traballen os estándares imprescindibles.A data límite de entrega dos traballos para recuperar será o 19 de xuño. Todos os traballos de recuperación entregados fora desa data serán cualificados na convocatoria de setembro. Os traballos serán enviados por email ou subidos á Classroom.O alumnado que teña que entregar os traballos fisicamente no colexio, a data de entrega será a que o centro educativo estableza no seu momento.A nota final do curso será a media das notas das dúas avaliacións. Non se fará media se unha avaliación ten nota de 3 ou menos. A avaliación suspensa terase que recuperar en setembro.O alumnado aprobará a avaliación final obtendo unha nota media de 5,00 ou superior, obtida coas notas definitivas da 1ª e da 2ª avaliación.O valor obtido na media das dúas avaliacións redondearase para ter a cualificación final, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é superior a 0,65, e ao enteiro anterior se o valor é inferior a 0,65, incluído o caso do 4,65.De obter ente un 4 e un 4,65 de media se analizará se é un caso excepcional (situación familiar do alumno/a, dificultades de conectividade, dificultades de aprendizaxe do alumno, etc) e se buscarán elementos que permitan valorar o esforzo (Consulta de dúbidas, presentación de tarefas de xeito constante, participación nos test teóricos virtuais, etc) e permitan subir a nota ao 4,65, e así poder redondear ata o 5. Alumnado que realiza os traballos do confinamento: <ul style="list-style-type: none">Para o alumnado que traballa durante a cuarentena (xa teña as dúas primeiras avaliacións aprobadas ou non), os traballos plantexado neste período se cualificarán, e se fará unha media. Os traballos non realizados, de todos os que se plantexen na Classroom, terán un valor de 0 puntos na media.Se a media é inferior a 5, non se lle sumará nada a nota media das dúas primeiras avaliacións.Se esta media está entre 5 e 6 se lle sumará medio punto á nota media das dúas primeiras avaliacións.Se esta media esta está entre 6 e 7,5 se lle sumará un punto a nota media

	<p>das dúas primeiras avaliacións.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Se esta media está entre 7,5 e 9, se lle sumarán un punto e medio á nota media das dúas primeiras avaliacións. • Se esta media é mais de 9, se lle sumarán dous puntos á nota media das dúas primeiras avaliacións. • Unha vez realizada a suma anterior, a cualificación obtida redondearase, de xeito que o decimal resultante se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é superior a 0,65, e ao enteiro anterior se o valor é inferior a 0,65. • Feito o redondeo, a nota obtida será á Cualificación Final do curso. • No caso de dúbidas respecto a cualificación, por mor dunhas décimas, valórase de xeito positivo a consulta de dúbidas e as entregas dentro dos prazos. • A data límite de entrega dos traballos do periodo de confinamento (Os identificados como tarefas da 3ª avaliación) será o 19 de xuño. Todos os traballos entregados fora desa data, se considerarán como non entregados e su valor na media será de 0.
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>O alumnado que vaia a setembro, será aquel alumnado que non presentou, ou non realizou correctamente, para a avaliación final do mes de xuño, todos os traballos necesarios para obter unha nota media de 5 ou mais, entre a 1ª e a 2ª avaliación, segundo o determinado en párrafos anteriores.</p> <p>Este alumnado terá que presentar, o día establecido ao efecto, todos os traballos que lle quedaron sen entregar, ou que ten que repetir, e dos cales terá sido informado na entrega de notas do mes de Xuño.</p> <p>Para obter a Cualificación de setembro, se procederá de xeito similar ao establecido no apartado anterior en relación á cualificación final.</p>
<p>Alumnado de materia pendente</p>	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • O alumno que ten a materia de 3º Eso pendente, ten que presentar, antes do 31 de Maio, un número concreto de traballos prácticos. • Estes traballos foron establecidos e acordados co propio alumno ao comezar curso. • Estes traballos son case todos aqueles que non foron presentados na convocatoria de setembro do pasado curso 2018-2019. • Para dita convocatoria, se fixera en Xuño de 2019 unha selección dos traballos necesarios para cubrir os contidos e estándares mínimos, excluíndo o exames teóricos, que se eliminan da obtención da nota final de setembro. <p>Criterios de cualificación:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os traballos prácticos se valoran de 0 a 10. • Con todos os traballos que ten que presentar, entregados ou non entregados, e cos traballos xa entregados en setembro, se fará unha media. O alumno aprobará a avaliación de pendentes obtendo unha nota media de 5,00 ou superior. • O valor obtido na media redondearase para ter a cualificación final, de xeito que o decimal se asimilará ao enteiro superior se o seu valor é superior a 0,65, e ao enteiro anterior se o valor é inferior a 0,65 incluído o caso do 4,65. <p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Os traballos prácticos se valoran de 0 a 10 e valen un 80% da media • Os traballos do Bloc se valoran de 0 a 10 valen un 20% da media • Elimínanse os exames teóricos <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Imaxes enviadas á profesora dos traballos feitos, enviadas por medios electrónicos ou calquera outro medio. • Documentos electrónicos feitos con diferentes software.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

Recuperación

- Todos os exercicios que a cada un dos alumnos suspensos lle falta por realizar, tendo en conta os estándares de aprendizaxe imprescindibles.

Repaso e reforzo:

1- Iconicidade da Imaxe :

- 1.1- Copiar unha imaxe dun persoaxe de banda deseñada, empregando a técnica de ampliación da cuadrícula
- 1.2- Realizar un rostro co estilo de Picasso e darlle texturas gráficas *

2- Natureza da cor. Materiais e técnicas de expresión plástica

- 2.1- Gamas cromáticas con témperas segundo ton e valor

3- Linguaxe da Imaxe

- 3.1- Lectura obxectiva dunha imaxe: descripción cadro.
- 3.2- Distorsión dunha imaxe

Ampliación

4- A percepción e a comunicación visual

- 4.1- Contrastes perceptivos de forma, tamaño e cor
- 4.2- Efectos visuais
- 4.2- Ilusións ópticas
- 4.4- Elementos Comunicación visual
- 4.5- Recursos visuais na publicidade *

(Os traballos cun asterisco *, serán susceptibles de propoñerse se o tempo e o avance do alumnado o permite)

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)

Alumnado con conectividade

- A metodoloxía que se sigue é eliminar os contidos teóricos, e centrarse na práctica que contribue ao reforzo e adquisición das competencias básicas, a través dos estándares de aprendizaxe imprescindibles.
- Esta práctica transmítese a base de videos explicativos, explicacións escritas, e consulta e resolución frecuente de dúbidas por diferentes canles.
- Establecense datas de entrega amplias, co límite do **19 de Xuño**.

Alumnado sen conectividade

- A metodoloxía que se sigue é a mesma, pero adaptada a situación.
- O alumnado sen conectividade é alumnado que necesita recuperar na súa gran maioría.
- A información, as explicacións e os materiais transmítense a través de Abalar mobil, correo electrónico e/ou Servizos Sociais.
- Non se establecen datas de entrega parciais, a flexibilidade é total.
- Trabállase na resolución de dúbidas polas canles dispoñibles.
- Contacto frecuente cos/as titores/as
- Establécese a entrega física dos traballos no mes de Xuño, nas datas que estableza o centro educativo. Estas datas serán informadas a través da Classroom, o abalar mobil e

	o correo electrónico.
Materiais e recursos	<p>1- Dende o 13 de Marzo ata o 2 de Abril</p> <ul style="list-style-type: none"> • Empregouse a web do centro, o Abalar Mobil e o correo electrónico como canle de comunicación e información. • Creáronse videos explicativos subidos á canle de video do centro coas explicacións • Redactáronse documentos explicativos das actividades que foron subidos á web <p>2.- Dende o 14 de Abril traballouse coa Google Classroom.</p> <ul style="list-style-type: none"> • No taboleiro da Classroom danse avisos e explicacións • Prográmanse tarefas cada certo tempo, con explicacións escritas e audiovisuais, con datas e entrega amplias e flexibles • Correo electrónico e Abalar mobil como medios de comunicación e información • Contacto visual con salas de videoconferencias.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. <ul style="list-style-type: none">• Abalar mobil• Páxina web do centro• Classroom
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.